XI SLALOM CONCELLO DE MOECHE

BRIEFING DE PILOTOS

Bo día e benvid@s a tod@s ao slalom concello de Moeche!
Lembrade que o Taboleiro Oficial da Proba é a través da plataforma dixital Sportity, coa clave **MOECHE26**, e que tamén empregamos a modo non oficial o canal de whasap da proba, na que só podemos escribir os administradores. Tedes ao Relación con Participantes para os temas Deportivos, e aos Oficiais da zona para os temas Organizativos.

1.-A **SEGURIDADE**

É un punto no que queremos incidir especialmente:

Por unha banda, comprobade ben o EQUIPAMENTO PERSOAL DE SEGURIDADE (mono ignífugo, collarín ou hans, sotocasco, casco, botas e luvas, cando vos dirixades a presaída (asistencia), onde alí volo poderán revisar, e así chegaredes preparados para tomar saída correctamente.

Por outra banda, hai que ter en conta que o circuito está valado a modo de que só os comisarios de pista e os restantes membros da organización poden entrar dentro da zona do circuito. Este circuito conta ademais con protección adicionais (sacos de area) en certos puntos máis complexos, pero están colocados de tal xeito que a través deles pódese evacuar un vehículo que non poida continuar polos seus medios, sempre e cando non sexa necesario retiralo co vehículo de rescate ou coa grúa. Facede sempre caso ao que vos indique os Oficiais de cada zona da proba.
Referente a seguridade, remarcar tamén que pola asistencia circulade coa máxima precaución, xa que aquí soe haber moito público e unido a 81participantes, 61 vehículos inscritos e a súas asistencias, fan un volume moi grande de xente e medios concentrados, polo que solicitamos a **MÁXIMA PRECAUCIÓN NO PARQUE DE ASISTENCIA, onde a velocidade está limitada a 30 km/h.**
A zona de quecemento, está delimitada, ollo que facelo fóra desta zona pode supoñer a DESCALIFICACIÓN DA PROBA, pero no resto do enlace entre a Pre-saída do Parque de asistencia e Saída do trazado, circulade coa precaución propia dunha vía con público que pode cruzala polos pasos de peóns, etc.

2.-O **TRAZADO**:

*A normativa establece que os conos de cor vermella deben de deixarse ao lado dereito, os conos de cor verde deben de deixarse ao lado esquerdo, e os conos de cor azul hai que darlle unha volta completa (360º)

*Este trazado É NOVO e podemos diferencialo en dúas partes:
>1ªPARTE: seguindo sempre o trazado, cara a rotonda de Abanca, logo regresamos a rotonda da Farmacia, e volvemos cara a rotonda de Abanca por segunda vez, pero a paralela e a rotonda da farmacia faise como se fose un OITO desta segunda vez que pasamos por ela, revisade ben o mapa que se vos achegou coa documentación da proba.
>2ªPARTE: tras ese segundo paso pola rotonda dae Abanca, imos cara a explanada da feira e xa non regresamos a zona inicial, INCIMOS EN QUE NON REGRESAMOS A ZONA

INICIAL TRAS ESTE SEGUNDO PASO POLA ROTONDA DE ABANCA (a segunda), baixamos pola parte dereita da explanada cara o "oito", e tralo cal imos de para as paralelas, que despois destas imos cara os conos que van a meta (os pegados as naves do lado esquerdo, onde ali atopamos a meta e tras esta o garaxe, que lembramos que é onde debedes deter o vehículo. *Se vos ensinan unha bandeira vermella, parade a marcha e esperade as indicacións dos comisarios*.
Despois disto xa estades de novo na zona de asistencia.

Trala segunda manga oficial, os vehículos deben ir ao Parque Pechado, agás aqueles de uso compartido, que irán ao Parque Pechado despois da segunda manga oficial do último participante no mesmo.
O Parque Pechado levantarase trala publicación da Clasificación Final Oficial, que é cando se poden sacar os vehículos del, agás os tres primeiros clasificados da Xeral Scratch, que están autorizados a vir cara a zona de entrega de premios cando llelo indiquemos.

MOITA SORTE A TOD@S!!!